



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

25.xullo.2001 // 19.30 H
**PALABRAS NO DÍA DE GALICIA DO
 ANO 2001**
**Pazo de Congressos e Exposicións
 SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- **Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.**
- ~~Sr. Delegado do Goberno.~~
- **Sr. Alcalde de Santiago de Compostela.**
- ^{CA ANGELES} **Autoridades e Representacións.**
- **Miñas Donas, meus Señores:**

*Quixera que as miñas verbas
 chegasen ás concencias máis escuras...
 e prendesen nas súas almas
 as arelas patrióticas máis xurdias,
 as arelas de rezaren a eito
 a pregaria eucarística e litúrxica
 do santo amor a todo canto é noso,
 e a todo canto en nós vive e perdura.¹*

¹ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: "Oracións campesiñas" (1924): *Escolma. Estudio da obra lexicográfica por Constantino García. Estudio da obra poética por Luis Alonso Gargado. Cronobiografía e hemerografía por Teresa Monteagudo* (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro, Gráficas ATV, 2001. 242 pp.) 115-119. Cita en p. 117.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Saúдовos este vintecinco de xullo de 2001 con versos de D. Eladio Rodríguez. Douvos a todos unha cordial benvida ó acto institucional de celebración do Día de Galicia.

Benvidos sexan singularmente nesta festa cívica da nosa terra as persoas individuais e colectivas condecoradas coas Medallas Galicia do ano, que se acaban de entregar con universal aplauso.

Celebramos hoxe o Día de Galicia coa conmemoración da festividade do Apóstolo Santiago, que é simultáneamente patrón de Santiago de Compostela e de milleiros de parroquias, vilas, cidades e capitais espalladas polo vasto mundo hispánico; patrón da rexión de Galicia, máis outras varias da Europa Atlántica; e patrón do Reino de España e dalgúns outros europeos, como o gobernado desde a Corte de *Saint James*.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Cousa lóxica, se se pensa que Santiago cristianizou a Romania Occidental; pero tamén admirable e satisfactoria para nós, que fomos o destino e meta da súa andadura, e que somos os gardiáns das súas cinzas e da súa memoria.

Ben acollidos sexamos por el todos os presentes; e tamén os ausentes que quixerían acompañármolos agora, pero non puideron facelo, por estaren fóra da terra nai, ou por calquera outra causa de forza maior.

1.- FELICITACIÓN ÁS PERSOAS CONDECORADAS.

Moitos de vós desenvolvestes notables actividades *culturais e científicas* nos eidos da Relixión e da Teoloxía; da Milicia e a Seguridade; da Escultura e da Pintura; do Ensino e dos Deportes individuais ou



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

de equipo; da Física e da Química; da Informática e da Edición; da Filoloxía e da Lingüística. Actividades de fuste teórico algunhas, pero todas de alcance práctico. Traballos desenvolvidos en Asociacións e Igrexas; en Hospitais e Tribunais; en Bibliotecas e Museos; en Xornais e Emisoras; en Universidades e Academias.

Quefaceres levados a cabo con fantástica ubicuidade, pois están espallados por tantos lugares de Europa e de América, de Galicia e de toda España que sería misión imposible tentar enumeralos. ¡Gracias por todo iso!

Destacades outros condecorados hoxe polos vosos labores económicos creadores de prosperidade, pois creastes empresas ou institutos de grande efecto multiplicador da riqueza de Galicia; e iso, en campos tan variados como son a Banca, o Aforro e as Finan-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

zas; a Pesca e a Confección; os Seguros e os Transportes; a Carpintería e Ebanistería; a Perruqueiría e a Maquillaxe; e en fin, a Restauración, a Hostalería, o Espectáculo e a Organización do Turismo; todo un ciclo económico este último, dotado de crucial virtualidade para accelera-lo crecemento económico e social da nosa terra na presente conxuntura económica. ¡Gracias polo voso traballo!

Outros condecorados, en fin, adicastes o voso esforzo xeneroso e productivo ás tarefas *sociais de solidariedade e cooperación*, neutralizando ós poucos que nunca faltan, que gustan de sementar a cizaña do egoísmo e a confrontación.

Algúns tedes destacado brillantemente en profesións que teñen que ver cos durísimos empregos da Diplomacia, a Xudicatura, e da Gobernación, profe-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

sións tan incomprendidas polos seus mesmos beneficiarios, mais axeitadas para os bós e xenerosos.

Outros tédesvos distinguido admirablemente no campo da Beneficencia cos necesitados, e da Caridade cos marxinados, remoendo artificios cos que adiantar, especialmente, na promoción social da muller, e na educación dos nenos abandonados.

Moitos de vós, sendo vós mesmos emigrantes, afanástesvos en fundar e desenvolver o Asociacionismo, o Mutualismo, e o Cooperativismo entre os emigrantes galegos espallados polo mundo adiante.

Non poucos de vós, en fin, sobresaístes en Galicia en actividades relacionadas co Ensino e de forma especial a Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial de Vigo que desenvolveu unha actividade brillante na formación de miles de enxeñeiros técni-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

cos industriais o longo dos seus cen anos de historia que agora celebra e de ter participado activamente na vida económica, industrial e laboral de Galicia en xeral e da cidade de Vigo en particular, contribuíndo dese xeito a un extraordinario desenvolvemento industrial da nosa Comunidade Autónoma.

Tamén sobresaistes no campo da Farmacopea, a Saúde, a Museística, a Peregrinación, a Beneficencia, o Socorrismo, o Salvamento, a Vixilancia, o Medio Ambiente, o Emprego, etc. ¡Gracias pola vosa contribución!

¡Canta razón tiña o noso D. Eladio cando -de xeito ben conforme coa súa distinción fidalga- definiu as persoas que son coma vós, louvando os galegos traballadores, os de boa fe, os dos fondos entu-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

*siasmos e sanas orientacións, os que loitan e loitan
pola redención da nosa terra!*²

Os Medallas de Galicia aquí presentes son un exacto correlato real desa descrición. E refírome a todos, non só ós condecorados este ano. Acompañannos, coma de costume, moitas das persoas condecoradas con anterioridade: reciban de novo parabéns, e os nosos votos para que poidan seguir concorrendo a esta xuntanza nas sucesivas edicións.

Os mesmos venturosos augurios fago, naturalmente, ós condecorados este ano 2001, ó mesmo tempo que lles lembro animosamente o deber que acompaña á súa propia excelencia, e que contra-
presta o dereito que teñen a ser honrados por ela.

² RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: "Na xuntanza está a forza e na forza está o trunfo", *Nós. Paxinas Galegas do Diario da Cruña El Noroeste*, A Coruña, 17.09.1918, p. 1.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Refirome á obriga moral que explicaba pedagoxicamente D. Eladio, dicindo que *os leóns e as aguías que dan vida na pedra ós capiteis do Pórtico da Gloria... forman como unha lección práctica que debemos adprender, a saber: que non haberá para a nosa terra unha alborada de rexurdimento, é dicir, que a nosa terra non traspasará as portas da propia gloria, mentres que os que loitan pola redención da nosa terra non comezen por seren os leóns e as aguías dos novos tempos, e se ergan coraxudos arrimando o lombo os uns ós outros,*³ tan unidos como os esculpiu o Mestre Mateo.

Señoras e señores galardoados a título individual ou colectivo coas Medallas Galicia 2001: utilizando a linguaxe figurada do escritor que homenaxeamos especialmente toda esta anualidade como

³ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: "Na xuntanza está a forza e na forza está o trunfo", *Nós. Paxinas Galegas do Diario da Cruña El Noroeste*, A Coruña, 17.09.1918, p. 1.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

representante do noso amor polas Letras Galegas, ben se pode dicir dos Medallas de Galicia que sodes parte sinalada da lexi3n de mulleres e homes fillos da terra que estades elevando a riqueza dos galegos tan alto como voan as aguias, e que estades facendo escoitar a mensaxe orixinal dos galegos tan lonxe como alcanza o ruído dos le3ns.

2.- ELOXIO DE CAIXA GALICIA.

A Caixa fundouse na Coru3a o 3 de abril de 1978, e conta por tanto vintetr3s anos de existencia. Vintetr3s anos, que son pouco tempo para unha vida humana, son a penas un suspiro para o desenvolvemento dunha sociedade. ¿Que puido facer para merecer a medalla de Ouro de Galicia unha instituci3n tan nova?.

Malia a brevidade do tempo de actuaci3n, a Caixa fixo xa cousas tan importantes a prol da nosa



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

terra como estas dúas. Ó principio, o inicio do proceso de concentración ^{institucional} ~~bancaria~~ que facía necesaria a economía financeira do mercado español e europeo antes que ninguén aquí en Galicia. E ultimamente, a cesión dos terreos da súa propiedade no Monte Gaiás, para a construción da "Cidade da Cultura de Galicia" en Santiago de Compostela.

Non é preciso resaltar que as dúas cousas teñen moita importancia para Galicia, tanto aquela previsión organizativa, como esta excepcional doazón de carácter cultural.

Pero tamén a teñen outras moitas accións de carácter continuo cumpridas nas tres áreas tradicionalmente consagradas a facilitar á poboación máis humilde o desfrute dos dereitos chamados económicos, sociais e culturais.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Especial aplauso merecen os labores promovidos pola *Área da Fundación*, entre os que destacan as *Aulas Económicas*, de Economía, de Facenda Pública, de Demografía, do Mar, e Agraria; e tamén as *Aulas Culturais* de Belas Artes, de Cultura Galega, de Colaboracións, e de Política Institucional e Autonómica.

Singular importancia para a autonomía económica e política de Galicia teñen así mesmo as infraestructuras e estruturas da Caixa que alimentan a *Área da Entidade Financeira*, e a *Área da Corporación Financeira*.

Na primeira delas, a Caixa opera por Internet, emprega a preto de *tres mil cincocentas* persoas, e mantén arredor de *seiscentas cincuenta* oficinas operativas, nas que move un volume de *tres coma catro*



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

billóns de pesetas anuais, e obtén uns beneficios duns *trinta mil millóns* de pesetas anuais.

O xa realizado desde 1978 motiva abondo a Medalla de Ouro de Galicia que hoxe recibe a Caixa, pero non podemos esquecer que esta institución se adorna con outros loureiros, que están agachados, pero que non por iso son menos reais.

Trátase dos contraídos polas caixas galegas anteriores, da sucesiva fusión das cales foi resultando a actual Caixa Galicia. Por ese motivo resulta ser a Caixa herdeira lexítima do moito feito a prol dos galegos máis humildes por varias beneméritas institucións que, cando se xuntaron na actual, levaban funcionando tempo, e algunha delas xa era centenaria.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Na Caixa aloxáronse outras cinco que foron fundadas no século XX, e dúas máis fundadas antes, no XIX. As primeiras son: a Caixa Rural da Coruña, fundada en 1979; a Rural de Pontevedra, creada en 1968; a Provincial de Lugo, montada en 1964; a Rural de Ourense, iniciada en 1961; e a Xeral de Ferrol, existente desde 1902. As que proceden do século XIX, son a Caixa da Coruña e Lugo, fundada en 1896; e a primeira de todas, que foi a Caixa de Aforros e Monte de Piedade de Santiago, creada o 23 de xuño de 1879 por iniciativa do Prof. Dr. D. Vicente Martínez de la Riva.

O mérito do conseguido pertence principalmente aquí ós axentes sociais, é dicir, ós directivos e consellos de administración das caixas galegas que souberon comprender a importancia que ten contar con forzas tan grandes como as que poidan sumar os



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

posibles competidores cando se trata de defender con éxito a promoción dos propios intereses lexítimos no campo de xogo delimitado por unha España autonomizada, unha Europa unida, e un mundo economicamente globalizado.

O maior mérito está en ter entendido a nova forma que esixía o tempo novo de aplicar un vello principio da praxe. Un principio, por certo, ben querido de todos os nosos grandes devanceiros, que non se cansaron de avisar ós *galegos de corazón, que na xuntanza está a forza, e que na forza está o trunfo; e que non pararon de animarnos a movernos *¡adiante, pois, adelante, sempre!**⁴

⁴ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: "Na xuntanza está a forza e na forza está o trunfo", *Nós. Paxinas Galegas do Diario da Cruña El Noroeste*, A Coruña, 17.09.1918, p. 1.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Foi o lema do peregrino medieval: *Ultreia e susseia!* É o lema de sempre de todos nós: *¡Máis lonxe e máis alto!*

Para concluír esta congratulación ós premiados, fago miñas esas exhortacións dirixidas *ós galegos de boa fe, fondos entusiasmos e sanas orientacións*, que o son todas as persoas condecoradas hoxe. Pero que o é sobranceiramente esta Caixa de Galicia, que soubo atender antes que ninguén por estas terras esa chamada á xuntanza que fai a forza capaz de alcanza-lo triunfo.

3.- BALANCE E PROSPECTIVA

Celebramos unha vez máis o Día de Galicia e cómpre facer balance, ben que sumario, do ano que pasou desde o vintecinco de xullo anterior; e tamén prospectiva, aínda que mínima, do que resta por pa-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

sar mentres que o sol, proseguindo imperturbable a súa marcha celestial, baixa outra vez ata o seu nadir, e torna a escadar o seu cénit.

O ano transcorrido entre o anterior vintecinco de xullo e este puxo a proba a nosa capacidade de encaixar calamidades e a nosa afouteza e denodo para superalas solidariamente. Tivemos que aturar, ben o lembramos todos, dous graves azoutes da natureza: unha epizootia do gando bovino, e un temporal de choivas torrenciais que durou practicamente todo o inverno e toda a primavera. Ademais, o peche dos caladoiros marroquís castigou cun inevitable ~~amargo~~ á industria pesqueira galega.

Deamos gracias a Deus, e a Santiago, o seu Apóstolo e parente, e o noso avogado e patrón, porque nos axudaron a resistir e vencer esas desgracias.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Neste día grande quero animarvos a todos a continuar as reconstrucións do asulagado e do estragado con bo ánimo, como fixestes ata agora. ¡Non podemos consentir que a beleza e a riqueza de Galicia sufra ningún menoscabo que sexa evitable! E por suposto, para conseguilo contades todos, como ata aquí, coa solidariedade do pobo, da Xunta, do Estado, e da Unión Europea.

Descontado o anterior, teño que dicir que os últimos doce meses deparáronnos tamén moitas satisfaccións e progresos, sendo os principais deles os que teñen que ver coa baixa sostida do número de parados, e coa suba tamén afianzada da renda per cápita de Galicia, que nos segue aproximando firmemente ós valores medios de España e da Unión Europea.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

O benestar que imos acadando ten que ver moito con actitudes honradas e responsables dunha ampla maioría de galegos que apostan por buscar traballo e por desempeñalo con seriedade e calidade; e tamén con actitudes éticas e políticas das Patronais e dos Sindicatos galegos, ben merecedoras de aplauso. Eu. bríndolles o meu desde logo, e con el, a amigable instancia de que persistan na mesma aposta pola mellora da calidade de vida dos galegos, e pola elevación de Galicia; pois que todos arelamos *que volva a ser grande coma noutras épocas, e que volva a ser digna das súas grandezas.*⁵

Fago votos para que todos nós sigamos empuxando o carro galego como nestes últimos anos o

⁵ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: "¡Galicia, esperta!" (1887): *Escolma. Estudio da obra lexicográfica por Constantino García. Estudio da obra poética por Luis Alonso Gargado. Cronobiografía e hemerografía por Teresa Monteagudo* (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro, Gráficas ATV, 2001. 242 pp.) 147-150. Cita en p. 149.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

vimos facendo; e para que o Apóstolo siga a se-lo noso providencial guieiro e protector.

Cómpre mirar cara ó futuro, pero neste día, con máis coidado, se cabe. Mirar ó futuro significa algo máis que tratar de conservar unha posición e de non retroceder dela. Mirar adiante é pescudar posicións a conquistar e prepararse debidamente para avanzar vencendo dificultades. Agárdannos tarefas colectivas importantes, e cómpre estar avisados de que están aí.

As dúas principais que aparecen no horizonte son o tren de alta velocidade, para completar a infraestrutura material, e a organización dun bo sistema que garanta a calidade de vida xunto coa produtividade do grupo cada vez maior de veciños nosos que pasan dos cincuenta e sesenta anos. Esas deben se-las nosas prioridades.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Detrás delas están as que hai que manter porque non están resoltas. Xa nomeamos os problemas da epizootia e dos caladoiros. Pero restan outros que non son novos, nin se remontan dun salto: subi-la taxa de natalidade, acelera-lo proceso de incorporación da muller galega ó mercado laboral, eleva-las rendas familiares máis baixas, preserva-lo medio ambiente , acoller importantes cotas de inmigración, incrementar as relacións de toda índole coa Rexión Norte de Portugal, etc.

Aquela vella Galicia sempre de negro, sumida na depresión e no choro das súas desgracias e marxinacións, xa non existe máis que no recordo.

Hoxe é unha autonomía con peso, que foi quen no transcurso do último ano, de avanzar un punto na converxencia a Europa; unha comunidade implantada nas institucións da Unión Europea; un pobo que



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

recuperou o seu orgullo en canto a progreso e benestar, e considerado xente honrada e emprendedora; un grupo de tamaño medio e proporcionado, que se sente quen de defende-lo seu sen necesidade de renunciar a nada... e que aspira a todo.

Importa subliñar o Día de Galicia, hoxe precisamente, que en soamente un cuarto de século fixemos a transición dunha Galicia gris a unha Galicia multicolor, onde os galegos podemos vivir en paz e en harmonía, tendo moi a honra sermos galegos, sentíndonos cidadáns españois e europeos; e proxección cara a Iberoamerica, onde hai máis dun millón de paisanos nosos que seguen engrandecendo Galicia, coa súa presenza e co seu traballo, moitas veces sacrificado abondo. *Cidade da Cultura*

Agora son eles os que están en dificultades.
¡Non os imos esquecer!



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

4.- CUMPRIMENTOS PARA TODOS OS GALEGOS

O Día de Galicia, o Presidente da Xunta ten o grande pracer de felicitar a todo o pobo de Galicia, no nome de tódalas galegas e galegos que serven nas institucións autonómicas.

E felicitamos tamén a cidade de Santiago de Compostela e os seus habitantes. Coa nova Cidade da cultura que este ano comezamos a construír, Santiago de Compostela aumentará o seu haber cultural como cidade patrimonio da humanidade, e atoparase mellor preparada para seguir encarnando a *esencia da galeguidade* e liderando o seu desenvolvemento durante o terceiro milenio.

Felicitamos asimesmo a todos os visitantes e peregrinos que viñeron e virán a Santiago neste ano; e



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

felicítamos tamén hoxe a todos os que atenden espiritualmente a eses millóns de peregrinos relixiosos, e de turistas laicos que veñen xunta nós buscando a perdoanza, tranquilidade, alegría, e o particular contentamento inxenuo que dá a participación nas romarías, as foliadas, os deportes de vela, o montañismo, o senderismo, os concertos, ou os xantares familiares.

Felicítamos, en fin, a todos os españois, dos que o santo patrono é desde séculos atrás o Apóstolo; e particularmente ós que se atopan fóra de España por razóns de traballo ou profesión. Convidámoslos a visitaren Santiago cando poidan.

E cumprida a miña obriga institucional, queridas e queridos amigos, convócovos de hoxe nun ano, para comezar xuntos outra nova xeira histórica e dármonos mutuos pulos para face-lo camiño.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Que Deus e o Apóstolo nos concedan podermo-
nos volver atopar en boa saúde e xuntos o vintecinco
de xullo de 2002.

¡De hoxe nun ano!